

DISCURSO DE EMILIO PÉREZ TOURIÑO
PRESIDENTE DE LA XUNTA DE GALICIA

Señor Presidente da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre,
Autoridades,
Amigas e amigos:

Hanme de permitir que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento e de felicitación.

Agradecemento ao amigo Santiago Rey que un ano máis me convida a poñer o colofón, nesta súa casa hospitalaria, ao Premio Fernández-Latorre. Un premio, convén salientalo neste tempo de iniciativas efémeras e de cambios acelerados, que cumpre hoxe medio século de vida.

E parabéns ao musicólogo José López-Calo, investigador infatigable e apaixonado das nosas raíces musicais, que recibe o prestixioso galardón, como recoñecemento a unha dilatada traxectoria de servizo ao seu país.

Fíxense vostedes no entrañable simbolismo que se desprende deste acto.

Asistimos á maridaxe entre dúas formas de comunicación, presidida polo nome senlleiro de Juan Fernández-Latorre. Entre un periódico, La Voz de Galicia, que durante 126 anos escribiu a letra de Galicia. E un musicólogo que, durante décadas de traballo, rescatou e recompuxo as notas da sinfonía de Galicia. Letra e música para un país en marcha. Himno dun país que, orgulloso do seu pasado, arela conquistar o territorio do futuro.

Cómpre dicir que nin os logros do premiado nin o éxito da institución que o premia son froito do azar. Son o resultado de combinar as tres virtudes que os adornan: coraxe, devoción e traballo. As mesmas que un amigo común, José Luis Méndez, lle atribuiu con todo merecemento ao noso anfitrión, a Santiago Rey Fernández-Latorre. As mesmas que conforman os sinais de identidade dos homes e mulleres desta terra.

Coraxe e determinación para afrontar os desafíos e desbotar os atrancos que se interpoñen no camiño.

Devoción a Galicia e decidida vontade de alcanzar a fronteira da modernidade.

E traballo arreo, dedicación a tempo completo, para edificarmos un país máis próspero, unido e aberto no escenario global.

Neste momento de serias dificultades económicas, esas son tamén as mellores ferramentas para cavar as trincheiras de defensa e, de seguido, abrir novos espazos de oportunidade. Porque non debemos esquecer que, entre os rescaldos das crises, cando estas enfilan o final do túnel, agroman novas fortalezas. A milenaria sabiduría china soubo expresalo perfectamente: por iso, no seu idioma, a palabra crise está formada polos símbolos de risco e de oportunidade.

Sábeo ben La Voz de Galicia que, na súa longa viaxe pola pel de tres séculos, atravesou ciclos altos e baixos, superou os dentes de serra que reflicten a evolución da economía, ata converterse nunha desas grandes empresas que lle confiren musculatura ao noso tecido produtivo.

Por iso, seguindo ese exemplo, permítanme unha sintética reflexión sobre a comunicación en tempo de crise.

Ben sei que a caída da actividade económica repercute, en maior ou menor proporción, en todos os sectores produtivos.

As empresas de comunicación, que se miden en quilates de lectores e anunciantes, non son inmunes. Polo contrario, padecen, non só a atonía xeral da demanda, senón a propensión de moitas firmas a reducir, como primeira medida de austeridade, os seus gastos en comunicación.

Eu creo que se equivocan aquelas compañías que, diante dos primeiros indicios de dificultade, optan por recortar o investimento publicitario ou os seus servizos de información.

Trabúcanse porque a comunicación, máis aínda nun mercado global onde se impoñen as marcas e a diferenciación de produtos, non é un gasto supérfluo: constitúe un factor clave de competitividade, un elemento estratéxico no proceso de expansión da actividade e na promoción dos seus produtos.

Aqueles que non comunican ou que comunican mal quedan indefensos fronte á competencia. E as súas lagoas son cubertas polo bulo, o rumor ou interesadas informacións de terceiros.

Os medios de comunicación sofren dobremente as embestidas da crise. Aínda que só fose por esa razón obxectiva, conforman unha forza aliada para superar o desafío.

Unha forza poderosa porque administran o caudal de confianza que os lectores depositan cada mañá no quiosco. E foi precisamente a escaseza dese ben, a falta de confianza nos mercados, o factor que desatou a espiral da crise.

Por iso, eu pídolles aos medios, non opacidade nin complacencia co Goberno, senón leal colaboración na tarefa de restaurar a confianza, de restablecer a fe na nosa capacidade para superar as dificultades e construírmos o porvir.

Pídolles que eviten as tres eivas que *Paul Krugman* advertía na literatura económica e que poderían ser aplicadas ao xornalismo.

Nin periodismo en grego, jerga economicista só para iniciados.

Nin periodismo da catástrofe, que mina a confianza e induce á

impotencia e á pasividade. Nin periodismo do sube e baixa, que descontextualiza datos e estatísticas.

Pídolles, en definitiva, que sigan aquela carta de navegación que, hai 126 anos, trazou Fernández-Latorre e que hoxe desenvolve, con coraxe, con devoción e con dedicación, o seu neto Santiago.

Aquel pulo fundacional, que ofrece claves significativas para descifrar o éxito de La Voz de Galicia, pode resumirse en dous eixes fundamentais: exercicio responsable da liberdade de expresión e insubornable defensa dos intereses de Galicia.

Liberdade e responsabilidade son a cara e o envés da mesma moeda, dous conceptos inseparables que se reforzan mutuamente. Bernard Shaw expresou con nitidez esa identidade cando escribiu: “Non busquemos solemnes definicións da liberdade. É só isto: responsabilidade”.

Neste tempo e neste país, responsabilidade significa contextualizar e interpretar os feitos. Contribuír a robustecer a confianza en nós mesmos e a nosa autoestima como pobo.

Salientar e reforzar a nosa capacidade de superar os retos máis difíciles e alcanzar novas fronteiras. Edificar a esperanza.

E facelo sobre os alicerces das nosas conviccións máis profundas. Con Galicia como única ocupación e única preocupación. Seguindo o ronsel que o fundador desta casa trazou en 1882 con estas palabras:

“Nuestra primera y más ardiente preocupación será la de servir con todo el entusiasmo de nuestra alma y con toda la energía de nuestro patriotismo, los grandes y nobles y desdeñados intereses de esta hermosa y querida región gallega”.

Esa é, en síntese, a folla de ruta que todos compartimos.

Moitas grazas.

